



Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.gal  
www.vilanovadearousa.gal  
sede.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**Concello de  
Vilanova de Arousa**



REGISTRO DE ENTRADA

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

**SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRAS E OUTROS ACTOS OU USOS DO SOLO E SUBSOLO**

**URB-LIC-001**

<b>INTERESADO</b>	APELIDOS		NOME		N.I.F.		
	DENOMINACIÓN SOCIAL				N.I.F.		
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			NÚMERO	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
	MUNICIPIO			PROVINCIA			
	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS DE CONTACTO		CORREO ELECTRÓNICO / ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO (D.E.H.)			

<b>REPRESENTANTE</b>	APELIDOS		NOME		N.I.F.		
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				N.I.F.		
	ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			NÚMERO	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
	MUNICIPIO			PROVINCIA			
	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONOS DE CONTACTO		CORREO ELECTRÓNICO / ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO (D.E.H.)			

<b>DATOS DA PARCELA / OBRAS</b>	SITUACIÓN DA PARCELA (RÚA/LUGAR)					Nº / KM.			
	SITUACIÓN DA OBRA (RÚA/LUGAR)					Nº / KM.	PORTAL	ESCALEIRA	PISO
	REFERENCIA CATASTRAL								
	DESCRIPCIÓN DAS OBRAS							SUPERFICIE/MTS. LINEALES	
								ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	
	USO AO QUE VAI A DESTINARSE A EDIFICACIÓN					ACTIVIDADE Á QUE VAI A DESTINARSE A EDIFICACIÓN			

<b>DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE</b>	Que é certo o que manifesta, e, en todo caso:
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Que son certos todos os datos recollidos nesta solicitude.</li> <li>• Que achega toda a documentación preceptiva.</li> </ul>
	<p><b>AUTORIZA</b> aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal ao Concello de Vilanova de Arousa á comprobación telemática ante outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver .</p> <p>En ..... a ..... de ..... de .....</p> <p>Sinatura do/a interesado/a: Nome e N.I.F.: .....</p>

**ADVIRTESE Á PERSOA ASINANTE DA SOLICITUDE QUE**, de acordo co disposto no artigo 1 43 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística. Ademais, de conformidade co disposto no artigo 144, non se poderá conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, serán expresos, con silencio administrativo negativo "*os actos que autoricen os movementos de terras e explanacións; as obras de edificación, construción e implantación de instalacións de nova planta; a colocación de casas prefabricadas e instalacións similares, tanto provisionais como permanentes; a tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a proces os de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita tala se derive da lexislación de protección do dominio público*".

## RELACIÓN DE OBRAS SUXEITAS Á OBTENCIÓN DE LICENZA MUNICIPAL

- Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
- As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- Os muros de contención de terras, cando a súa altura sexa igual ou superior a 1,5 mts.
- Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
- A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público, agás as autorizadas en solo rústico polos órganos competentes en materia forestal.

## DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Persoa física: Fotocopia do N.I.F. No caso de que se compareza en representación doutra persoa acompañarase, ademais da fotocopia do N.I.F. do representado, o documento que acredite debidamente a representación.
- Persoa xurídica: a persoa que asine a solicitude achegará a documentación acreditativa da súa representación (fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, poder, etc.).
- Descritiva gráfica catastral da parcela onde se van a executar as obras, indicando a posición das mesmas.
- Xustificante de pago dos tributos municipais que resulten preceptivos.
- Escritura de propiedade do terreo, constitución de dereito de superficie ou calquera outro título acreditativo do dereito do interesado. Dita escritura deberá estar inscrita no Rexistro da Propiedade cando haxa cesións ou outras condicións suxeitas a inscrición rexistral.
- Cando proceda, documentación acreditativa da mancomunidade de patios ou garaxes ou compromisos cos líndantes no caso de edificacións apegadas.
- Proxecto completo redactado por técnico competente ( 2 copias en formato dixital asinadas electrónicamente e 1 copia mais por cada organismo sectorial en caso de que teña que remitirse dende o Concello; ademais dunha copia en papel). Conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.  
A memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, e irá acompañada dos correspondentes planos de situación a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido. Igualmente, conterá unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.  
Os planos de emprazamento redactaranse, como mínimo, a escala 1:500 e con referencia aos elementos urbanos e á parcelación e ordenación existente. Os planos de edificación deberán ser perfectamente lexibles e faranse, como mínimo, a escala 1:100, debéndose presenta-las plantas, seccións e alzados necesarios para a clara descrición da obra proxectada.
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento, debidamente cumprimentada.
- Cando non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible no que se pretenda levar a cabo.
- Se as obras para as que se solicita licenza comportan a execución de escavacións, terrapléns, desmonte ou rebaixe de terras: plano dos perfís que se consideren necesarios para apreciar o volume e características da obra que se vai a realizar, así como os de detalle precisos que indiquen as precaucións que compre adoptar en relación coa propia obra, coa vía pública e cos predios ou construcións veciñais que poidan ser afectada polo desmonte ou terraplén.
- Estudio de seguridade e saúde ou estudio básico, se é o caso.
- O proxecto estará visado polo correspondente colexio profesional, se procede. Se non é o caso, aportarase declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais, de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Fotografías de conxunto e detalle da edificación e/ou parcela ou zona onde se realizarán as obras ou usos, subscriba polo interesado ou polo técnico redactor.
- Oficio de dirección do/a director/a do proxecto, do/a director/a de execución, de coordinador/a de seguridade e saúde, segundo proceda.
- Documentación de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras.
- Copia das autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais emitidos polos organismos estatais ,autonómicos ou provinciais competentes, cando sexan legalmente esixibles para o/a interesado/a, ou acreditación de que se solicitou o seu outorgamento nalgún ou varios dos seguintes ámbitos:
  - Costas
  - Augas
  - Estradas
  - Deputación Provincial
  - Patrimonio
  - Outro (indicar) .....

## NOTA ACLARATORIA

- **CANDO A OBRA TEÑA POR OBXECTO O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE**, consignarase expresamente esta circunstancia e, xunto coa documentación anterior, deberá presentarse ademais a seguinte:
  - Se o exercicio da actividade está sometido a **COMUNICACIÓN PREVIA**, aportarase a documentación esixida para o inicio da actividade (consultar modelo de comunicación previa de inicio dunha actividade).
  - Se a actividade se encadra entre as sometidas a **LICENZA PREVIA**, aportarase a documentación que corresponde xunto coa solicitude de licenza da actividade (consultar modelo de solicitude de licenza para actividade sen obras).

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS (RXPD 2016/679 e LOPDGDD 3/2018)

Responsable do tratamento: Concello de Vilanova de Arousa.

Finalidades do tratamento: A xestión da súa solicitude e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma.

Lexitimación para o tratamento: O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo o artigo 6.1.e) do RXPD. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.

Destinatarios dos datos: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude.

Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica, no enderezo Praza do Concello, 1, 36620, Vilanova de Arousa ou enviando un correo electrónico a [dpd@vilanovadearousa.gal](mailto:dpd@vilanovadearousa.gal)

Contacto delegado de protección de datos e información adicional: [dpd@vilanovadearousa.gal](mailto:dpd@vilanovadearousa.gal)